

Letras de Cal publica a primeira antoloxia poética de autores bascos dos 90 en galego

A ponte das palabras, 'xeito de comunicación entre dúas literaturas'

♦♦ P.C.

Vinte dos trinta e oito poetas que se deron a coñecer na década dos 90 en Euskadi e en euskera aparecen recollidos na antoloxia bilíngüe, euskera-galego, que ven de publicar Letras de Cal co apoio do departamento de Cultura do Goberno Basco e da Universidade do País Basco. Unha "xenerosa representación" da obra de cada un dos poetas, segundo Jon Kortazar, responsábel da selección, que permitirá aos galegos coñecer de cerca unha produción que nos era, até o de agora, completamente allea.

As palabras da poesía en euskera xa teñen a súa ponte, *A ponte das palabras. Poesía basca 1990-2000*. Unha coidada publicación de Letras de Cal da que Eduardo Estévez, membro do consello editorial, destaca que "encaixa perfectamente" nos seus obxectivos, nomeadamente "dar defusión aos novos poetas e colaborar na normalización lingüística da literatura e da poesía".

A idea de realizar esta antoloxia xestouse no ano 1999, durante a estancia de Kortazar na universidade compostelana. Estévez lembra que daquela "organizárase unha antoloxia urxente da poesía basca actual" cunha pequena mostra tamén bilíngüe que se apresentou nun recital no que Kortazar leu os poemas en euskera e uns cantos poetas puxeron voz aos traducidos ao galego. Apartir daí apostouse pola elaboración dunha antoloxia máis completa da que Kortazar sinala que "é a primeira tentativa de achegamento rigoroso e total á produción po-

ética basca entre 1990 e 2000".

O propio Kortazar encargouse da selección dos autores e estes de seleccionar os textos, coa súa colaboración. "Os poetas escolleron algúns textos inéditos, de xeito que esta antoloxia é unha ollada ao pasado, mais tamén unha firme aposta de futuro, pola novidade dos textos e pola presenza de escritores que comezan agora a súa andadura poética", indica Kortazar.

A falla de tradutores directos euskera-galego, houbo de recorrer a traducir os textos primeiro ao castellano e logo ao galego. Os propios autores revisaron a tradución intermedia coa colaboración de Kortazar e Rafa Villar e Eduardo Estévez realizaron a tradución ao galego. "Que a publicación vexa a luz en Galiza

non é máis que un paradoxo realizado polos que amamos a poesía de xeito que pensamos que non ten máis fronteiras que a súa propia lingua e que esta se pode atravesar", afirma Kortazar.

Letras de Cal utilizará o mesmo sistema de distribución do libro que vifia facendo até o de agora, através de presentacións e recitais ao longo da xeografía galega. A eiva neste caso será a ausencia dos propios autores nos actos, "un problema que tentaremos de solventar do mellor xeito posíbel", sinala Estévez. Introdúcese, sen embargo, unha novidade. Por vez primeira unha distribuidora encargárase da súa distribución en Euskadi. A publicación, en todo caso, é un indicativo da boa saúde da que goza Letras de Cal como editorial. ♦

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. **A MAN DOS PAÍÑOS**
Manuel Rivas
Xerais

2. **EXPEDIENTE ARTIEDA**
Luís Rei Núñez
Xerais

3. **NA MALETA**
Xurxo Borrazás
Sotelo Blanco

4. **A LOBA**
Bento da Cruz
Xerais

5. **A VIAXE DE BALDASSARE**
Amin Maalouf
Xerais

NON FICCIÓN

1. **ANTROPOLOXIA DE GALICIA**
Mariño Ferro
Xerais

2. **A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA DE MARIO DE LANGULLO**
António Téllez
A Nosa Terra

3. **TERRA E PROGRESO**
Vários autores
Xerais

4. **RESISTENCIA CULTURAL E DIFERENCIA HISTÓRICA**
X. González Millán
Sotelo Blanco

5. **GUIA DOS COGUMELOS COMUNS DE GALICIA**
Marisa Castro
Xerais

Librarias consultadas:

Cartabon (Vigo), Cunqueiro (A Coruña), Michelena (Pontevedra), Pedreira (Santiago), Souto (Lugo), Torga (Ourense).